CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Recoller información sobre manifestacións culturais da contorna próxima.		
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Amosar hábitos de vida sustentable, tomando conciencia do impacto das súas accións sobre o medio natural.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando os persoais e modelos. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, dun acontecemento ou dunha inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo

Contidos

- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.
- Necesidades básicas dos seres vivos e a diferenza cos obxectos inertes.
- A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próximo.
- Observación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables.
- A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria.
- As relacións entre os seres humanos, os animais e as plantas.
- Coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna en que viven.
- Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias.
- Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos.
- Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular.
- A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos.
- Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.
- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa).
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
3	Que facemos e que fixemos?	55

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características e a organización dos seres vivos do seu entorno, diferenciándoos dos seres inertes.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.		
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto cara a natureza		
CA2.4 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	Recoñecer hábitos de vida saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso axeitado.		
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Observa elementos do medio natural, identificando as súas características máis salientables.	TI	100
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Recoller información sobre manifestacións culturais da contorna próxima.		
CA3.2 - Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos.	Identificar o uso de máquinas e aparellos na súa vida cotiá		
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Adquirir hábitos de vida sustentable, tomando conciencia do impacto das súas accións sobre o medio natural.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar institucións próximas.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer normas básicas como peóns.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Ordenar temporalmente feitos da vida cotiá		
CA4.3 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Realizar programación a través de robots educativos e aplicacións sinxelas de programación.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas, especialmente mulleres, relevantes da historia		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando os persoais e modelos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.

Contidos

- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.
- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.
- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.
- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, dun acontecemento ou dunha inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo
- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.
- Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Necesidades básicas dos seres vivos e a diferenza cos obxectos inertes.
- Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos.
- Tipos de materiais segundo a súa procedencia.
- Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular.
- A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos.
- Propiedades observables dos materiais (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e o seu uso en obxectos da vida cotiá.
- Cambios observables na materia a través da súa experimentación.
- Observación e identificación de máquinas e aparellos na súa vida cotiá.
- Igualdade de xénero e conduta non sexista.
- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.
- Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano), situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo.
- Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador.
- Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguras.
- A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro.
- As expresións e producións artísticas da contorna próxima.
- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.

Contidos

- Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa).
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, defínese a metodoloxía didáctica como o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

Somos un centro que ten o luxo de educar aos nenos e nenas durante cinco cursos e onde a súa madurez ten un amplo espazo para desenvolverse, deixando a un lado a idade cronolóxica. Temos mestura de niveis onde todos convivimos, decidimos e compartimos experiencias e momentos moi interesantes, tomaremos como referencia as orientacións pedagóxicas que establece tanto o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, como o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Basandonos en ambos currículos daremos sentido educativo a través das competencias que permitirán aplicar á vida a educación que parta das nosas propostas curriculares.

Teremos en conta as organizacións dos espazos, os diferentes ambientes, os tempos e as aportacións da Comunidade Educativa que forma parte do noso centro dende a súa constitución como CRA. Na distribución do espazo procuraremos que as nenas e os nenos dispoñan de lugares propios e de uso común para compartir, eles xunto co mestre axudará a tomar decisión sobre os mesmos xa que pretendemos que a escola sexa un lugar que imos compartir todos e todas e no que terán opinión; teremos espazos para os diferentes agrupamentos, con facilidade de movemento, tamén teremos en conta espazos para os especialistas cos seus materiais, xa que as áreas serán complementarias a outras en función dos contidos a traballar. A mestra ou mestre provocará as distintas situacións xerando un ambiente físico de aprendizaxe grato. Os tempos serán flexibles, respectando os ritmos de actividade, xogo e descanso, por iso organizamos diferentes rutinas ao longo da xornada, incluíndo momentos de actividade e calma. Atenderemos a un «enfoque globalizador», as propostas didácticas terán como punto de partida situacións globais, situacións comunicativas, conflitos ou cuestións sociais, problemas de calquera tipo...- nas cales se poñerán en xogo os contidos das diferentes áreas. Na proposta didáctica terán cabida as secuencias de aprendizaxe, os proxectos ou as unidades didácticas que engloben contidos de diferente tipo e de distintas áreas, aínda que tamén é conveniente planificar outras actividades específicas que alternan coas propostas globalizadas. Co fin de que a aprendizaxe sexa significativa para o alumnado, partírase dos coñecementos previos do alumnado, para ir presentando novos coñecementos, e estes irán incorporándose ao seu saber de xeito global e formando parte da vida cotiá e non pechando aprendizaxes en cada momento.

Entre as metodoloxías activas, decidimos seguir unha liña común, dentro do respecto a cada aula e as súas casuísticas. Deste xeito camiñaremos cara un obxectivo común, a través de actividades globalizadas que nos permitan ao mesmo tempo atender á diversidade e que terán coma punto de partida a consecución de obxectivos da programación compartida. Tamén teremos presentes aspectos como:

É imprescindible destacar a importancia do xogo como actividade propia desta etapa, xa que as cativas e os cativos, mentres xogan, manipulan obxectos nun espazo e nun tempo, crean e transforman -formas, tamaños, espazos, ... a través do xogo manifestan as súas vivencias e experiencias e van afondando en novos niveis de relación e de interacción.

Os procesos de observación, manipulación, experimentación, descubrimento e investigación co fin de garantir novas aprendizaxes, partindo dunha metodoloxía centrada no Método Científico. Parte deste traballo levarase a cabo co apoio TICs que complementará esta competencia nas aulas con actividades científicas co microscopio dixital por exemplo. O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará sempre nas aulas coma unha saída ao mundo, xa falado antes o uso axeitado e crítico das TICs, permitirá ao neno e nena, investigar, elaborar textos e saír ao mundo para observar cousas lonxanas a nos, así coma en momentos determinados ter conectividade con outras realidades ou outras escolas.

É importante ofrecerlles ás nenas e aos nenos situacións de aprendizaxe nas cales poidan facer propostas, tomar decisións, organizar e anticipar as súas accións e tamén aprender do erro, atendendo así á diversidade, por iso nos centraremos en que a aprendizaxe sexa cooperativa. A realización de asembleas para comentar acontecementos ou

discutir e decidir determinados aspectos da vida na escola establecendo vínculos afectivos e de relación e respecto. A afectividade debe ser o fío condutor de toda situación de ensino-aprendizaxe. As nenas e os nenos deben sentirse seguros e construír coñecemento a partir da formación dunha autoimaxe positiva.

A resolución de problemas da vida cotiá, na contorna máis inmediata, traballando a competencia matemática.

A aprendizaxe da lectura e a escritura a través de textos presentes na vida cotiá, partindo de diferentes Tipoloxías Textuais.

Deben estar moi presentes no deseño das actividades os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder a información, diferentes xeitos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.

Teremos como parte importante da súa formación a Oratoria, a expresión espontánea ante o resto de compañeiros, os saúdos e charlas con axentes alleos a escola coma o panadeiro, veciñanza nos paseos..fomentando o respecto e educación cara os demais e tamén a desenvolvemento na expresión oral.

O papel do profesorado.

É fundamental que a mestra e o mestre sexan quen de canalizar o seu aprendizaxe dentro dunha autonomía que xenere confianza e reforcé a súa autoestima. Dende as nosas observacións controlaremos os seus progresos, as melloras nas súas expresións, as súas relacións, e as súas producións. Tamén será importante a coordinación entre os diferentes mestres que interveñen na aula para así reforzar se fose posible ou ter intervencións coordinadas para procurar cambios e melloras, se é o caso. Tamén será importante a relación coas familias todos os días, creando un ambiente familiar que o neno perciba como algo natural e que forma parte da escola.

Sempre partiremos da fronteira dos coñecementos cos que parte o neno, da súa contorna familiar, e a partir de ahí iremos alimentando o seu interese por aprender.O noso labor será de mediador no camiño cara o aprender, provocar situacións, colaborar nas súas demandas e sempre baixo o paraugas do afecto e da motivación e valoración persoal. Toda esta organización de colaboración será nun ambiente educativo de respecto, saber facer e en definitiva de valores. Miraremos de aproveitar en cada un as súas potencialidades e provocar situacións para superar situacións e desafíos, camiño da tolerancia e a non frustración. Neste ambiente o neno e a nena, Terán a confianza para preguntar, pedir axuda e incluso comunicar as súas emocións, de xeito que a escola sexa un lugar cómodo, motivador e creador de contidos entre todos.

Un punto primordial no noso centro é a Comunidade Educativa, como tal contamos en primeiro lugar a familia e todos aqueles que interveñen na nosa escola sumando aprendizaxes, dende aquí comezaremos pola nosa ANPA, a veciñanza, os outros centros, os diferentes concellos nos que están as nosas escolas e as Asociacións e Fundacións que colaboran connosco, sinalar coma unha moi importante que case é un aula do CRA é a Fundación Eduardo Pondal.

As familias, son o pilar fundamental, para nos cedennos aos seus fillos coa educación iniciada por eles e que a través da comunicación (diaria) podemos continuar, modificar consensuadamente nas nosas aulas.

As familias poden entrar na escola cando o precisen, poden falar cando o precisen e acoden na medida das súas posibilidades cando así o decidamos ambos. Contamos dentro da formación no centro con formación para familias, con temas coma nutrición, odontoloxía, educación emocional.... Comparten connosco saídas, festivais e todas aquelas situacións educativas para compartir entre todos e todas. Cada día nas aulas poden comunicar información que axude a atender o momento educativo do seu filla e fillo. Tamén teremos as reunións de avaliación e nelas falaremos do que ten que ver cos resultados dos seus fillos e recolleremos aportacións que nos axuden a mellorar o noso traballo.

O papel do alumnado.

Cando un neno ou nena vai entrar na escola acode no curso anterior nas xornadas de portas abertas onde comparte cos nenos da aula varios días nas horas que se pacten entre familia e titores e especialistas. Deste xeito no comezo de curso non é tan brusca a incorporación, máis aínda así teremos un período de adaptación conforme á lexislación vixente. Teremos en conta a súa zoa de desenvolvemento próximo e todo o que interven na súa personalidade, para iso contaremos coas aportacións das familias a través das enquisas iniciais, a observación directa tanto das titorías coma daqueles Mestres que interveñen na aula. Especial importancia teñen os nenos ou nenas que teñan dificultades NEE, ademáis de intentar darlles o mellor posible en todos os ámbitos educativos, PT,AL (DO) serán parte importantísimas nas relación interpersoais co resto de alumnado, axudando a educar no diferente en busca dunha sociedade mellor de respecto e colaboración.

Agrupamentos.

Para poder atender á diversidade do alumnado e á aprendizaxe de contidos de distinta natureza, organizaranse diversas formas de agrupamento tendo en conta as potencialidades de cada unha delas:

- O gran grupo é apropiado cando se trata de planificar conxuntamente as actividades, exposicións, lectura dalgúns textos, traballos cooperativos, asembleas...

- O grupo pequeno é o ideal para favorecer a interacción cooperativa, permite asignar a cada nena ou neno tarefas concretas e estruturadas de tal xeito que a mestra ou mestre poida prestar as axudas axeitadas segundo o grao de

realización da tarefa. Deben ser variables, homoxéneos e heteroxéneos. A organización en parellas acostuma a ser moito máis interesante, polo grao de implicación que comporta.

- A actividade individual é un bo recurso para a interacción máis específica coa persoa docente, ao tempo que promove as estratexias autocontrol, responsabilidade, autonomía ...

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, consecuentemente, ás características individuais do alumnado. Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posible, ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento. Estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e cultural, patrimonial, que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo, ademais de despertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que as nenas e os nenos teñen ao seu redor.

Será necesario organizar o tempo baixo presupostos de flexibilidade, de xeito que permitan ao profesorado adecualo ás características das tarefas. No desenvolvemento da xornada escolar combinaranse tempos de rutinas con tempos de actividades específicas segundo as características e necesidades dos nenos e nenas.

Para traballar por competencias teremos ao noso redor aqueles materiais que nos aporta a contorna e aqueles que provoquen o aprendizaxe da competencia.

Formarán parte importante os materiais de refugallo, para a elaboración de arte, xogos...estarán sempre presentes na escola. Tamén será importante o aproveitamento de materiais herdados: libros, xogos..

Ao tratarse dun CRA con 5 escolas e realidades diferentes e para, deste xeito, adaptarnos aos diferentes contextos e características do alumnado levando a cabo unha concreción curricular axeitada, contamos cos seguintes materiais que cada docente elixiu segundo o seu criterio e tendo en conta as características persoais, gustos e intereses dos seus alumnos/as.

Recursos dixitais: Ordenador de aula, proxector e pantallas interactivas, conexión a internet, robots (beebot, rato), reproductor musical, etc.

Material funxible: convencionais e non convencionais.

Material sensorial e manipulativo: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...). Material visual: carteis, láminas.

Material curricular: Programacións didácticas e fichas. Libros e cadernos

Material artístico: pinturas, plastina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, refugallo.

Material de psicomotricidade: cordas, balóns, aros...

Material non estruturado: de refugallo baixo a remisa das 3R, elementos naturais, pezas soltas. Material de xogo simbólico.

Material persoal: Alumnado, persoal docente e non docente, familias e veciñanza, así como calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc).

Material natural: Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea (parques, Fundación Eduardo Pondal, Asociacións, Concellos, bibliotecas Concellos, etc).

Material musical: Instrumentos musicais.

Material proporcionado polo centro educativo: material bibliográfico pertencente á biblioteca do CRA e que facilita o empréstimo de libros escola-familia, etc

De todos os materiais de aula, faremos reflexión e avaliación sobre o seu estado, os seu uso etc, unha vez ao trimestre.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso (aproximadamente 4 sesións), tal e como se recolle na Orde do Calendario Escolar.

Esta avaliación inicial, permitiranos recoller información sobre os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado. Deste xeito poderemos detectar fortalezas e dificultades, as cales nos servirán de punto de partida para deseñar unha avaliación centrada en competencias, adaptando as propostas didácticas ao nivel real do grupo.

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección precoz de dificultades e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias en colaboración co Departamento de Orientación. Do mesmo xeito, cando se considere preciso, en función da información recollida, solicitarase por escrito unha avaliación psicopedagóxica.

Para obter dita información, podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información adecuándonos ás características do alumnado e ao seu contexto. Asimesmo, a nosa principal ferramenta será a observación directa e indirecta, recollida en táboas estruturadas en base a Unidades Didácticas (UD) e competencias clave. Todas as UD teñen un peso aproximado na nota final, garantindo así unha valoración equilibrada do proceso de aprendizaxe.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Para obter dita información, podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información adecuándonos ás características do alumnado e ao seu contexto. Asimesmo, a nosa principal ferramenta será a observación directa e indirecta, recollida en táboas estruturadas en base ás Unidades Didácticas (UD) plantexadas e ás competencias clave. O peso de cada unidade didáctica na cualificación global vén determinado polo número de sesións programadas e o tempo efectivo de traballo, garantindo así unha distribución proporcional e equilibrada da avaliación ao longo do curso.

Escala de valoración dos ítems

A avaliación realízase a través de ítems asociados ás competencias clave. Cada ítem valórase nunha escala numérica continua de 0 a 1, coa seguinte correspondencia:

- Con dificultade (0,00): o alumno/a non demostra o logro do ítem, nin sequera con axuda; presenta erros moi frecuentes.
- En proceso (0,40): amosa adquisición inicial do ítem, con erros relevantes e dependencia da axuda docente.
- Conseguido (0,80): supera o ítem con corrección e autonomía habitual, podendo ter erros menores.
- Excelente (1,00): supera o esperado; aplica o ítem con precisión, estabilidade e iniciativa, incluso en contextos novos.

Temporalización na valoración dos ítems

Esta valoración de ítems farase a finais de cada mes e trimestralmente.

Competencias clave

Os ítems organízanse e rexístranse por competencias clave, garantindo unha avaliación competencial. As porcentaxes orientativas de distribución son as seguintes:

- CIENCIAS DA NATUREZA

- Competencia en Comunicación Lingüística: 31,8%
- Competencia Plurilingüe: 6,8%
- Competencia STEM: 6,8%
- Competencia Dixital : 6,8%
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender: 13,6%
- Competencia Cidadá: 20,4%
- Competencia Emprendedora: 6,8%
- Conciencia e expresións culturais: 6,8%

-CIENCIAS SOCIAIS:

- Competencia en Comunicación Lingüística: 37%
- Competencia Plurilingüe: 4,8%
- Competencia STEM: 9,6%
- Competencia Dixital : 4,8%
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender: 9,6%
- Competencia Cidadá: 19,3%
- Competencia Emprendedora: 4,8%
- Conciencia e expresións culturais: 9,6%

A cualificación obténse facendo a media dos valores numéricos (0-1) dos ítems avaliados en cada UD. Posteriormente, tradúcese á escala oficial en porcentaxes:

- <46% → INSUFICIENTE
- 46-55% → SUFICIENTE
- 56-65% → BEN
- 66-85% → NOTABLE
- 86-100% → SOBRESAÍNTE

A nota da avaliación final optérase facendo a media aritmética das notas trimestrais.

Criterios de recuperación:

O alumnado que acade unha porcentaxe de ítems sinalados como "con dificultade" igual ou superior ó 25%, porase en marcha un programa de reforzo individualizado con actividades e tarefas específicas de recuperación centradas neses ítems específicos. Nalgúns casos tamén se pode incluír os ítems avaliados cun "iniciado". Este programa poderá albergar exercicios prácticos, probas específicas ou traballos complementarios. O obxectivo é garantir a adquisición progresiva das competencias clave ao longo do curso.

Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal coidador e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de

profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica (que precisaríamos ter no CRA).

Atenderemos á diversidade, a través de actividades (individuais e en grupo) e da integración de todos no grupo de traballo, de xeito que desenvolvan actitudes de respecto e tolerancia cara os demais. Para elo levaremos a cabo unha metodoloxía centrada na aprendizaxe cooperativa AC/CA (Aprender a Cooperar, Cooperar para Aprender), formando pequenos grupos de traballo nos que se mesturen diferentes niveis co fin de que poidan aprender uns dos outros e sentirse integrados no grupo de traballo.

Medidas organizativas e metodolóxicas xerais

- Flexibilización das actividades e tarefas propostas, con diferentes niveis de dificultade.
- Uso de materiais de apoio visuais, manipulativos e dixitais.
- Traballo cooperativo e por proxectos, fomentando a colaboración entre iguais.
- Agrupamentos flexibles en función das necesidades concretas.
- Apoio dentro da aula ordinaria, priorizando a inclusión sobre a segregación.

Exemplos de medidas específicas

1. Alumnado con maior rapidez na aprendizaxe:

- Realización de actividades complementarias (sopas de letras, xogos de ordear letras ou palabras) relacionadas co léxico das unidades.
- Funcións de mediación: axudar a compañeiros/as coas súas tarefas.
- Comparar, repasar e practicar cos compañeiros que tamén vaian rematando.
- Variacións ou extensións das actividades xa realizadas.
- Acceso a xogos de tarxetas (como Memory), xogos de taboleiro e outros recursos relacionados cos aspectos traballados.

2. Alumnado con dificultades de aprendizaxe:

- Inclusión en actividades colectivas con roles adaptados ás súas capacidades.
- Uso de apoios visuais e recursos manipulativos.
- Reforzo a través de cancións e rutinas.
- Actividades graduadas en complexidade, permitindo a cada alumno/a avanzar ao seu ritmo.
- Coordinación co profesorado de apoio e co equipo de orientación para planificar medidas individualizadas cando sexa preciso.

3. Alumnado con trastornos de conduta ou necesidades específicas de apoio educativo (NEAE):

- Coordinación co equipo docente e coa orientadora do centro para unificar estratexias.
- Inclusión en actividades de aula coas adaptacións necesarias, garantindo sempre a súa participación activa.
- Estratexias de regulación da conduta mediante rutinas claras, normas compartidas e reforzo positivo.
- Uso de tarefas estruturadas e curtas que axuden a manter a atención.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - A comprensión de lectura, a oral e escrita, expresión a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X

Observacións:

Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As áreas de ciencias naturais e de ciencias sociais será un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios das áreas.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos coma o desenvolvemento sostible, serán abordados durante todo o curso.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas á contorna	Co fin de vincular o traballado na aula coa vida cotiá realizaránse saídas pola contorna das escolas.	X	X	X
Saídas trimestrais.	En cada trimestre unha saída para afondar no traballo na aula.	X	X	X
Saída de fin de curso.	Actividade lúdica para descubrir a contorna e para conmemorar o final de curso.			X
Conmemoracións	A comunidade educativa poderá planificar e participar en Conmemoracións e distintas celebracións ao longo do curso.	X	X	X
Actividades de transición ao centro adscrito.	Visita ás aulas de primaria do centro adscrito, merenda conxunta cos futuros compañeiros de clase.			X
Contacontos e actividades do concello.	Acudiremos aos contacontos e actividades ofertados polos respectivos concellos.	X	X	X
Visita de persoa experta	En cada unidade invitaremos a unha persoa familiar do alumnado para que actúe como experto na materia que estamos a traballar.	X	X	X
Convivencias trimestrais e festividades.	Realizarase unha convivencia trimestral co obxectivo de favorecer a convivencia dos membros de toda a comunidade educativa.	X	X	X

Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

Así mesmo, no CRA realizaremos diferentes convivencias entre as 5 escolas para festexar algúns momentos do curso (Nadal, Entroido, Fin do Curso) así coma saídas didácticas polo entorno próximo das unitarias aproveitando as posibilidades de aprendizaxe que nos ofrece, en todas elas contaremos coas familias para compartir estes momentos educativos tan importantes, xa que son a parte fundamental da nos Comunidade Educativa.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A programación mantívose axustada ao contexto e aos obxectivos previstos, realizándose pequenos axustes trimestrais que permitiron adaptar as sesións ás necesidades do alumnado e ao ritmo real do curso.
Metodoloxía empregada
As metodoloxías activas, participativas e baseadas en proxectos demostraron ser eficaces, favorecendo a motivación e implicación do alumnado, así como a súa progresiva autonomía nas tarefas.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A organización da aula resultou funcional e flexible, optimizando os recursos dispoñibles (materiais manipulativos, TIC, contidos dixitais e tradicionais), o que facilitou un desenvolvemento equilibrado das actividades.
Medidas de atención á diversidade
As medidas de reforzo e adaptación aplicáronse de maneira continuada, permitindo atender a diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, garantindo a inclusión de todo o alumnado e a súa participación activa.
Clima de traballo na aula
Mantívoase un clima positivo, participativo e cooperativo, caracterizado polo respecto mutuo, a resolución pacífica de conflitos e unha boa disposición cara á aprendizaxe.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
A coordinación entre o profesorado foi fluída e constante, tanto en reunións de ciclo como en coordinación de CRA, mellorando progresivamente ao longo do curso. A relación coas familias foi estreita e positiva, consolidando a súa implicación nas actividades do centro.

Descrición:

As categorías recollidas neste apartado (programación, metodoloxía, organización da aula, atención á diversidade, clima de traballo, coordinación e actividades complementarias) son obxecto de seguemento trimestral mediante un cuestionario en Moodle, no que participa todo o profesorado do centro.

Esta avaliación periódica permite dispoñer dunha visión clara e actualizada da práctica docente en cada trimestre, facilitando a detección temperá de fortalezas e áreas de mellora.

A información recompilada intégrase posteriormente en Proens como síntese anual, garantindo así coherencia, evitando duplicidades e reforzando a calidade do proceso de autoavaliación do centro.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguemento da programación realízase de forma sistemática ao longo de todo o curso, empregando diferentes instrumentos de avaliación interna:

- Rexistro trimestral de avaliación: en cada avaliación recóllese o número de contidos programados e os realmente impartidos, incorporando nas observacións unha reflexión cualitativa sobre os aspectos máis salientables ou destacables do proceso.
 - Táboa de reflexión docente: cada trimestre cúbrese unha enquisa na Moodle sobre a práctica docente, que permite identificar logros, dificultades ou necesidades detectadas e establecer as medidas de mellora correspondentes.
 - Seguemento das actividades e tarefas: esta revisión facilita comprobar se o programado resulta adecuado, que actividades funcionan ben en todas as escolas e cales precisan ser modificadas ou substituídas.
 - Análise individualizada do alumnado: cando un alumno/a presenta unha porcentaxe significativa de ítems negativos, analízanse as posibles causas e introdúcense as medidas de reforzo ou adaptación necesarias. Se fose preciso, realízanse axustes na programación para garantir unha resposta máis adecuada.
- En conxunto, este procedemento asegura unha avaliación continua e un proceso de mellora constante, favorecendo que a programación se manteña viva, flexible e axustada á realidade do alumnado e das escolas do CRA.

9. Outros apartados